

## SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 01/07/2024

### **PRESIDENTE**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

### **Lista de asistentes**

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

CARLOS COIRA LOJO

LINO MOURIÑO SANTIAGO

### **Lista de non asistentes**

ALBERTO VARELA PAZ

SONIA OUTÓN CASAL

PAOLA MARIA MOCHALES

### **SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

### **INTERVENTOR**

MANUEL FRANCO LEIS

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 01/07/2024 reuníronse na Sala de reunións, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24-jun-2024, que se aprobou por unanimidade.

## **RÉXIME INTERIOR**

### **PRP2024/2467**

Vista a proposta do Xefe da Policía Local, no que indica que o pasado mes de maio, averiouse o vehículo furgón que habitualmente se emprega para traballos de realización de informes e principalmente sinalización circunstancial de eventos, posteriormente o día 10 de xuño o vehículo 0910JGR tivo un accidente de circulación e o día 18 de xuño o vehículo 2160CMP tivo outro accidente, perdendo por tanto o servizo 3 vehículos.

Que polo exposto propónse o aluguer de forma transitoria 1 ou 2 meses dun vehículo, ata a valoración da posible reparación ou non dalgún dos vehículos averiados.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Alvegal, S.L. para aluguer dun vehículo mixto Nissan Towstar de 2 prazas durante 2 meses, por un importe mensual de 1.028,50€ (IVE incluído), con cargo á partida 132-204

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

### **PRP2024/2500**

Dáse conta do escrito presentado polo C.I.F.P. Fontecarmoa, solicitando autorización para celebrar o VI Campus Encestarias do 30 de xuño ao 6 de xullo. A Xunta de goberno Local acorda autorizar o uso das pistas deportivas do Parque de a Xunqueira para a celebración do citado Campus, o 5 de xullo de 20:30 a 00:30, para levar a cabo o 3x3 nocturno.

### **PRP2024/2273**

Dáse conta de solicitude de Cristina Iglesias Arena e/n Asociación Arousa Moza para ocupación de vía pública na Praza de Galicia o día 22 de xuño de 2024, en horario de 10:30 a 13:45 horas.

Dáse conta do informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2024/2507**

Dáse conta do escrito presentado pola FEGAMP, remitindo información en relación á adhesión á Central de Contratación para a licitación dos servizos postais e telegráficos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar a adhesión do Concello de Vilagarcía á Central de Contratación da FEGAMP, a fin de poder contratar os servizos postais e telegráficos que sexan contritados pola mesma, durante o prazo establecido incluídas as prórrogas, comprometéndose a adquirir as subministracións ou os servizos postais e telegráficos que a central de contratación do FEGAMP vai adquirir, nos mesmos termos e condicións de adxudicación do contrato.

#### **PRP2024/2508**

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a redución do prezo público que abonan os usuarios/as da piscina cuberta Municipal, dende o 15-07 ao 31-08, por peche da piscina

Dita bonificación será do 10% os 15 días de xullo e do 20% no mes de agosto. Dado a imposibilidade de utilizar a piscina, podendo levarse a cabo as demais actividades:

Ximnasio, SPA, curso de aerobio, ximnasia mantemento, curso de preparación física, rehabilitación, revisión médica, masaxe, masaxe rápido, solarium, seguridade persoal asistencia sanitaria, aluguer de taquillas e xaulas, servizos de guardaroupas.

#### **PRP2024/2512**

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola Empresa TELESERVICIO INSTALACIONES DE OFICINA SL para o subministro 4 reposapés ergonómicos, para o Departamento de Secretaría, por un importe total de 287,98€ (IVE incluído), con cargo á partida 920-22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2538**

Dáse conta do escrito presentado por D. Adrián Santorum Rey, en representación de SANTORUM CONGAL SL, solicitando autorización para organizar todos os xoves de verán concertos na Rúa Camilo José Cela, entre os números 7 e 9, dende o 4 de xullo ata o 5 de setembro, en horario de 21 a 23 horas, coa denominación de "Os Xoves nas Pistas". Así mesmo solicita a cesión dun escenario por parte do Concello, dun tamaño mínimo de 3 x 4 m.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a celebración dos concertos, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións

de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

En relación co escenario, comunicaselle que non é posible a cesión do mesmo por estar comprometido para outros actos programados con anterioridade.

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

#### **PRP2024/2494**

A Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e o recoñecemento de obriga da 1º liquidación de 2024 (correspondente á primeira metade do curso escolar 2023/2024) en réxime de cofinanciamento das Escolas Infantís A Galiña Azul xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, polo seguintes importes:

Escola Infantil de Vilagarcía- Carril (65 prazas) 29.250,00 €

Escola Infantil de Vilagarcía- Vilaxoán(66 prazas) 29.700,00 €

## **EMPREGO**

#### **PRP2024/2539**

A ORDE do 27 de maio de 2024 (DOG nº 105 do 31 de maio de 2024) da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a concellos de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento PR460D)

Esta orde ten por obxecto establecer as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas ao financiamento dos gastos que realicen os concellos galegos para a prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e/ou instalacións acuáticas descubertas de titularidade municipal

En relación co servizo de Salvamento e Socorrismo 2024 do Concello de Vilagarcía, informar que non foi posible a contratación de 12 socorristas, nin a través do Servizo Público de Emprego, nin por convocatoria pública mediante anuncios nos medios de comunicación. Non logramos reunir as doce persoas necesarias para realizar o servizo en todos os arenais do concello, ben por non presentación de suficientes candidatos, ben porqué algúns deles non reunían as condicións requiridas.

O Concello de Vilagarcía inicia hoxe o Servizo de SALVAMENTO E SOCORRISMO 2024 CONCELLO DE VILAGARCÍA con oito persoas contratadas socorristas acuáticos en espazos naturais, polo que é necesario facer unha nova solicitude á Consellería, modificando a memoria e os custos do servizo.

PROGRAMA QUE SE SOLICITA:

SERVIZO DE SALVAMENTO E SOCORRISMO 2024

A intención do Concello de Vilagarcía ao solicitar esta subvención para a contratación de traballadores desempregados é adoptar accións integradas fronte ao desemprego mediante as políticas activas de emprego, que mejoren su ocupabilidade, tendo en conta a adecuación desta

ocupación as características do territorio, a realidade do mercado de traballo e as peculiaridades locais e sectoriais, todo para a mellorar a ocupabilidade e a inserción laboral no marco dos programas de activación para o emprego previstos no texto refundido da Lei de Emprego (Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que apróbase o texto refundido da Lei de Emprego)

Contratación de 8 persoas (BAÑISTAS-SOCORRISTAS) a xornada completa durante 3 meses dende o 1 de xullo de 2024, para realización de actividades de asistencia, salvamento e socorrismo nas praias do municipio.

Tendo en conta os datos facilitados e verificados polo Departamento de Persoal para custos salariais e de Seguridade Social para o 2024:

GRUPO V(AP) SOCORRISTAS XORNADA COMPLETA

GR V(C2) N. comple.(CD) 8 Cod. Ind.(CE) 36 Ocup: d – 38,38%

Salario Base	Complem D	Incentivo	Rateo paga extra	Indemn Cese	Total	SS Empresa	Custo total/mes/1 traball.	Custo 8/traball/3 m 1/07/24-30/09/24
643,36	226,08	396,67	201,26	40,31	1.507,67	563,17	2.070,84€	49.700,16€

O importe máximo da subvención inicial asignada a cada concello non poderá superar o 90 % do orzamento establecido na memoria a que fai referencia o artigo 7 destas bases, co límite de 40.000 euros por entidade beneficiaria.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención e a seguinte aportación municipal (no suposto de que se conceda a totalidade de subvención que se solicita):

TRABALLADORES	Diferencia entre o máximo da subvención e o custo total	Indemniz. Cese/traballador	TOTAL APORTACIÓN CONCELLO
12	9.700,16€	1.451,16€	11.151,32 €

## EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

### EDUCACIÓN

#### PRP2024/2509

Vista a proposta do Director da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos, para o subministro de materiais bibliográficos para mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura da Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 4.209,28€ (IVE incluído), con cargo á partida 3321.22001, con cargo á subvención concedida pola Dirección Xeral de Cultura, ao abeiro das axudas para a mellora das coleccións bibliográficas, resolución do 22 de marzo de 2024(concedida a cantidade de 4.228,32€)

- Librería Arousa-Espacio do Lector, S.L. por importe de 3.910,12€
- Metrópolis Cómicos Vilagarcía por importe de 299,16€.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### PRP2024/2427

Por 4º ano consecutivo, Vilagarcía de Arousa acollerá un novo curso académico do Programa

Universitario para Maiores de 50 anos “IV Ciclo”. Ademais posto que esta formación ten unha duración de 4 anos, en xuño 2025 haberá un grupo de alumnos e alumnas que se graduarán ao acadar o “Diploma Sénior en IV Ciclo” da Universidade de Santiago de Compostela, no que haberá un acto de graduación na nosa cidade.

Durante o curso académico 2023 / 2024 que acaba rematar, foron un total de 40 persoas as matriculadas que recibiron esta preparación. É tal a boa acollida e demanda que o espazo de impartición das clases que había ata o de agora, queda pequeno. As clases levan desenvolvéndose desde a creación da sede en Vilagarcía de Arousa no Centro de Formación Matosinhos, onde o aforo era de 40 persoas. É por isto polo que a partir do vindeiro curso 2024 / 2025 as clases impartiranse no seminario nº 2 do Auditorio Municipal para deste xeito ampliar o número de matrículas, excepto a materia de “Informática Básica” que, ao precisar de equipos informáticos, seguirá sendo na Aula CeMIT, cun máximo de 40 matrículas. Esta cuestión xa está perfilada e confirmada polos dous espazos.

Polo exposto a Xunta de Goberno Local queda sabedora do novo espazo para impartir as clases do citado Programa Universitario, e do período de matrícula do novo alumnado dende o 20 de xuño ao 11 de xullo.

### **PRP2024/2553**

Dáse conta do erro no acordo da Xunta de Goberno Local de 03-06-2024, aprobación orzamento presentado pola empres Clece, S.A, para o servizo de limpeza extraordinaria co obxectivo de proceder á limpeza da sinistalacións do Pazo da Golpelleira para o desenvolvemento do concerto do martes 25 de xuño dentro da VII Edición do Festival Internaiconal de Música ClasClas2024, por erro omitiuse o importe do gasto que ascende a 230,94€(ive engadido) con cargo á partida 3261-22700.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda correxir o citado erro.

## **MERCADOS**

### **PRP2024/2511**

Visto o escrito presentado por D. Juan Carlos Iglesias Alba, solicitando autorización provisional para estacionar no mercado un grupo de catro vendedores, xa que non teñen posibilidade de deixar os vehículos cerca do mercado, debido a diversas obras que se están a executar na zona.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Xefe de Mercados, acorda autorizar o estacionamento na zona pegada a o río do Con entre o último posto e a estacion de bombeo, durante o tempo que duren as obras, aos seguintes vendedores:

Juan carlos Iglesias Alba, matrícula vehículo 9827JHY

Eladio Argibay Fariña, matrícula vehículo 3408GYZ

Hermosinda Fontan Fraga, matrícula vehículo 5301DDD

Maria del Mar Lago Carro, matrícula vehículo 5704JHD.

## **SANIDADE**

### **PRP2024/2481**

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado pola empresa Baygar, S.L: para o subministro de andamios

utilizados para levar a cabo as inhumacións nos cemiterios de Vilagarcía e Carril, por un importe total de 914,08€ (IVE incluído), con cargo á partida 164-22110.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2024/2488**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda a contatación dos servizos á Empresa Gallaecia Patentes y Marcas SL, por un importe de 847,00€ (IVE incluído) con cargo á partida 2314-22699, coa finalidade de proceder ao rexistro de marca VILAGARCÍA CIDADE DOLIBRO, na oficina Española de Patentes y Marcas, na clase 35 (Publicidade e servizos de promoción) e na clase 41 (Celebración e organización de eventos recreativos e con fines culturais).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

#### **PRP2024/2491**

O Concello de Vilagarcía, a través da Concellería de Xuventude, organizou (IN) FÓRMATE a IIª Xornada Técnica sobre Formación e Futuro Laboral dirixido a estudantes de 4º da Eso, 1º Bacharelato e 1º de Ciclos Medios e 1º de Ciclos Superiores de Formación Profesional dos centros educativos do municipio.

Esta actividade tivo como finalidade a de facilitar a elección sobre a traxectoria profesional que debe afrontar o estudiantado, cando rematen os estudos de secundaria, bacharelato e ciclos, de elixir o seu futuro académico e profesional, é por elo que desde a Concellería de Xuventude, quíxose poñer en marcha esta iniciativa para ofrecerlles aos mozos/as de Vilagarcía un abano de titulacións e de experiencias profesionais para que tiveran máis claro onde dirixir a súa vocación e polo tanto o seu futuro laboral.

Por todo isto, realizáronse diferentes actividades para que os mozos/as puideran elixir con máis facilidade o seu futuro laboral como:

- • Mostra expositiva coa presenza de puntos informativos de diferentes Universidades, Escolas Universitarias, Institutos de formación etc.,
- • Relatorios de diversos/as profesionais sobre diferentes disciplinas laborais
- • Obradoiros interactivos empregando as novas tecnoloxías, etc.,

Actividade pola cal aprobouse unha cantidade estimativa de 4.743,52€ (IVE engadido), a Xunta de Goberno Local acorda o reintegro á partida de Xuventude por un importe total de 1.146,21€, coa seguinte desagregación:

1. Reintegro da cantidade sobrance, correspondente aos imprevistos, de 966,20 € (IVE engadido) á partida de xuventude.

2. Reintegro, á partida de Xuventude, da cantidade de 180,01€ que se corresponde coa factura emitida pola empresa Pereira que, na XGL do 22 abril, presentou un orzamento por 720,02 euros para o traslado dos/as alumnos/as de diversos centros educativos ás actividades da II edición de

(In)fórmate e finalmente presenta unha factura por importe de 540,01 xa que:

2.a) finalmente do CIFP de Fontecarmoa asistiron ás actividades os/as alumnos/as de 1º de FP Básica aprox. 20 alumnos, no canto de 42 que se correspondían cos cursos superiores de Xestión de Ventas e de Coidados de Enfermería (total previstos de 42)

2.b) O alumnado do IES Cotarelo asistente finalmente á actividade foi de 45 alumnos/as no canto de 63 como estaba previsto. Polo tanto fixéronse menos traslados de alumnado do previsto inicialmente.

### **PRP2024/2493**

Dáse conta da proposta da Concellería de Xuventude en relación coa organización da actividade "PROGRAMA DE ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN DE VERÁN NAS PARROQUIAS E CENTRO VILAGARCÍA: VILAGARCÍA DE CINE" consistente nunha serie de proxeccións destinadas a público familiar co obxectivo de contribuír á difusión de diversas obras cinematográficas destinadas a todos os públicos á vez que se implementa a oferta cultural e de ocio de Vilagarcía e das súas parroquias durante as vacacións estivais.

O obxectivo principal desta iniciativa é o de achegar aos máis novos/as, das parroquias de Vilagarcía, as artes escénicas, ao mesmo tempo que se quere incidir no fortalecemento da relación cos seus familiares máis maiores e que sirva tamén de espazo de intercambio de experiencias e de convivencia interxeneracional compartindo o tempo de lecer a través dunha ampla variada serie de iniciativas recreativas e culturais a desenvolver especialmente na época do verán.

O Cinema de Verán 2024: Vilagarcía de Cine, conta cun catálogo de distintas películas que se exhibirán nas seguintes parroquias/lugares entre xullo e agosto DE 2024 e a partir das 20.00h:

- 1) A Xunqueira
- 2) BAMIO (Praia)
- 3) CARRIL (Praia, preto zona Esmorga)
- 4) Cea (Pdte.)
- 5) Os Duráns (Parque)
- 6) Cornazo (Pdte.)
- 7) As Pistas (Rúa Camilo José Cela)
- 8) Rubiáns (pdte.)
- 9) Sobradelo
- 10) Vilaxoán (Parque dona Concha)
- 11) O sixto (festas parroquiais)
- 12) Ravella (Parque)
- 13) A Coca (parque)
- 14) Trabanca Badiña (Pdte.)

A Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a Mr. Misto Pro and Ser S.L. a realización da citada actividade, por un importe total de 17.873,73€ (ive engadido), con cargo á partida 2314.22610.

A empresa adxudicataria, asumirá as obrigas especificadas na proposta presentada e principalmente:

1- Controlar o acceso e o aforo, a través do persoal correspondente de control de acceso e de vixianza. (en virtude dos art. 14 e 15 da Lei 10/2017 de Espectáculos públicos e Actividades Recreativas de Galicia)

2- Facerse cargo dos gastos relativos aos dereitos de autor e SGAE.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

## **TURISMO E MEDIO AMBIENTE**

### **TURISMO**

#### **PRP2024/2504**

Dáse conta do escrito presentado por Rocío Louzán Blanco en representación do Centro Comercial Aberto ZONA ABERTA, no que se indica o seguinte:

Que con motivo de dinamizar e promocionar as zonas de hostelería durante os meses de verán, dende Zona Aberta, asociación de comercio, hostelería e turismo de Vilagarcía, queremos levar a cabo unha campaña de dinamización "Xoves Abertos, música na rúa" con actuacións musicais de grupos locais que se levarán a cabo os xoves do mes de xuño e xullo en horario de 22.00h a 00 na rúas co fin de desfrutar da hostelería nos espazos peonís.

Para levar a cabo a campaña, a asociación de comerciantes solicita a colaboración do concello, colaboración que se materializará na contratación por parte da Concellería de Turismo, de dos grupos musicais.

Solicitouse orzamento aos artistas Dani Barreiro & Friends e perfect strangers actuacións para a dinamización de rúas, que aportaron os mesmos por contía de 665,5 e 300 € respectivamente.

Por outro lado, a asociación solicita:

- A colocación dun palco para os seguintes días e nas rúas que indicamos a continuación:

27 de xuño no Piñeiriño actuación do dúo Gramola. (palco de 3\*2)

4 de xullo na Baldosa actuación do grupo Perseguidor (palco de 4x3).

11 de xullo no castro actuación de Pablo Balseiro. (palco de 4x3).

18 de xullo na rúa Mendez Núñez actuación de Dani Barreiro. (palco de 3\*2)

25 de xullo na rúa Arzobispo Xelmirez actuación do grupo Perfect Strangers.(palco de 3\*2).

- Colocación cada semana dun punto de información móbil (bocadillo publicitario) na rúa onde se leve a cabo cada concerto

A Xunta de Goberno Local acorda:

1- Aprobar a contratación de Dani Barreiro & Friends, por importe de 665,5 e Perfect Strangers, por importe de 300,00€ con cargo á partida 432-22610.

2- Colocación dun palco para os días e as rúas solicitadas, así como o punto de información móbil, na rúa onde se leve a cabo o concerto.

### **CULTURA**

#### **PRP2024/2502**

Dáse conta do Convenio para a concesión directa de subvención pública a Asociación Curtas Film Fest, por un importe de 50.000,00 €, con cargo á partida 334.48002, que ten por obxecto subvencionar a 52 edición do "Curtas Festival Fest" que se celebrará en Vilagarcía de Arousa entre o 4 de outubro ata o 15 de novembro de 2024.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o citado convenio, coa aportación económica de 50.000,00€.

#### **PRP2024/2484**

Vista a solicitude de Don Juan Tomás Cores Fernández, en representación de Asociación Comisión Festas San Pedro de Cornazo, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dun serán (6ª festa do Churrasco San Pedro de Cornazo)os vindeiro día 21 de setembro de 2024.

- Actuación do Grupo de Gaitas asociación Cultural Lumarada, o día 21 de setembro de 2024, por un importe de 350,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/2483**

Vista a solicitude de Dona Cristina Canto Ruíz, en representación de Veciños do Grupo San Roque, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración da Festividade da noite de San Xoan o 23 de xuño de 2024.

- Actuación do Grupo de Gaitas Asociación Cultural Os Terribles de Arusa, o día 23 de xuño de 2024, por un importe de 391,00 €.

Deberá figurar a colaboración do Concello de Vilagarcía, para elo deberá engadir o logotipo do Concello de Vilagarcía no material gráfico publicitario utilizado.

Comunicaselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

#### **PRP2024/2482**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Asociación de Veciños San Roque de Castroagudín, por un importe total de 1.754,50€, con cargo á partida 334.22703:

Concepto	Importe	Provedor
Actuacións dúo punto Zero o 20 de xullo e 14 de setembro	1.754,50	Antonio Cacabelos Falcón
TOTAL GASTO CENTRO CULTURAL	1.754,50	

Acórdase así mesmo o reintegro da cantidade sobrance (45,50 €) á partida orzamentaria correspondente.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web

municipal.

### **PRP2024/2480**

Vista a proposta da concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes gastos ao abeiro do convenio económico-cultural asinado entre o Concello e a Entidade Círculo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril, por un importe total de 1.800,00 €, con cargo á partida 334.48201:

Concepto	Importe	Provedor
Clases de pandereta e baile	1.800,00 €	ASOCIACION CULTURAL MALVEIRAS

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## **CONTRATACIÓN**

### **PRP2024/2471**

Dáse conta da Resolución de Portos de Galicia, pola que se concede ao Concello de Vilagarcía a execucion do 100% na taxa de ocupación fixada en 33.115,73€, do dominio público portuario en superficie e do edificio nave almacen de embarcacións no porto de Vilaxoán, titularidade de Portos de Galicia para o desenvolvemento da actividade de adestramento do remo e almacenaxe de embarcacións.

### **PRP2024/2478**

Por Resolución Presidencial de data 6 de maio de 2024, a Deputación Provincial concedeu a subvención por importe de 7.840,80 € para financiar o 100% do investimento, con cargo ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas 2024.

Solicitadas tres ofertas a empresas especializadas no sector para a adquisición do subministro de 540 asentos compactos con respaldo para apoio lumbar con destino ao pavillón polideportivo de Fontecarmoa, conforme ao Prego de Prescricións técnicas (PPT) aprobado por acordo da XGL de 18/03/2024, presentaron oferta as seguintes empresas:

- Mondo Ibérica, S.AU cun importe de 7.553,30 (IVE engadido)
- Equipamentos y Pavimentos Deportivos INNOVA Sport, S.L. por importe de 7.788,53 € (IVE engadido)
- Calfensa Proyectos, S.L. por importe de 7.840,80 € (IVE engadido)

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato menor de “Subministro de 540 asentos compactos con respaldo para apoio lumbar con destino ao pavillón polideportivo de Fontecarmoa” á mercantil Mondo Ibérica, S.AU . (A50308139), por importe de 6.242,40 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 1.310,90 €, o que totaliza un importe de adxudicación de 7.553,30 € con cargo á partida 342-62900, financiándose con cargo ao Plan Extraordinario de Infraestruturas Deportivas 2024 e sendo o seu prazo de execución de 1 mes.

### **PRP2024/2485**

Por acordo da Xunta de Goberno da Xunta de Goberno local en data 15/04/2024 adxudicouse a redación do proxecto de “Humanización da Rúa Bouza de Abaixo-Vilaxoán”, á mercantil Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L. NIF: B36937282 por un importe de

14.000,00 € ao que lle corresponde un IVE 21% de 2.940,00 €, o que totaliza un importe de adjudicación 16.940,00 € cofinanciada con cargo á subvención concedida pola RED ÁGORA da Deputación de Pontevedra para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís, para o ano 2023.

Concedeuse un prazo de execución de 2 meses.

En data 21/06/2024 (R.E. WEB2024004364) Francisco Javier Zubia Fernández, en representación da empresa citada, solicita ampliación do prazo para a redación do proxecto ata o 30 de agosto de 2024, dado que faise necesario realizar un levantamento topográfico dun ámbito maior ao previamente contemplado.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a ampliación do prazo ata o 1 de setembro de 2024 para a entrega da redacción do proxecto de Humanización da Rúa Bouza de Abaixo-Vilaxóan”, por parte da mercantil Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L.

### **PRP2024/2486**

Por acordo da Xunta de Goberno da Xunta de Goberno local en data 15/04/2024 adjudicouse a “Redacción de proxecto de Peonalización e humanización da rúa Vicente Risco nun tramo da Praza de España(AGORA 2023”, ao arquitecto IAGO FERNÁNDEZ PUENTES NIF: (46903614J) por un importe de 8.712,00 € (IVE engadido), cofinanciada con cargo á subvención concedida pola RED ÁGORA da Deputación de Pontevedra para a redacción de proxectos de recuperación de espazos públicos e creación de sendas peonís, para o ano 2023.

Concedeuse un prazo de execución de 2 meses.

En data 21/06/2024 (R.E. WEB2024004365) Iago Fernández Puentes solicita ampliación do prazo para a redación do proxecto en dous meses máis, debido á carga xeral de traballos relacionados coa elaboración de proxectos e memorias técnicas resulta imposible contar coa colaboración, e/o axuda técnica, necesaria que permita completar a documentación do citado proxecto no prazo estimado.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a ampliación do prazo ata o 1 de setembro de 2024 para a entrega da “Redacción de proxecto de Peonalización e humanización da rúa Vicente Risco nun tramo da Praza de España (AGORA 2023)

### **PRP2024/2501**

Dáse conta do expediente de contratación CT 41/2024-e tramitado mediante Procedemento Aberto e tramitación ordinaria, e licitación electrónica, para adjudicar o contrato de servizos denominado “ Servizos de Asesoramento individualizados para a posta en marcha e optimización de plans de dixitalización do pequeno comercio”, cofinanciadas a traveés do Plan de Recuperación, transformación e Resiliencia - NextGeneration UE, cun orzamento de licitación de 48.000,00 € (sen IVE) e de 58.080,00 € (IVE incluído), e dos licitadores presentados, seguintes:

NIF: B94184785 CRAFTIUM SL

NIF: B47685490 Seeketing SL

A mesa de contratación asume o informe técnico emitido pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Vilagarcía de Arousa e asigna, de acordo aos criterios de valoración e adjudicación previstos nos pregos que rexen a licitación e o informe técnico anteriormente referido, as seguintes puntuacións:

LICITADOR	Puntos	Oferta	Puntos oferta	Puntos mellora:	Puntos	Puntos	Puntos mellora:	TOTAL
-----------	--------	--------	---------------	-----------------	--------	--------	-----------------	-------

	proposta técnica	económica (sen IVE)	económica	aumento sesións presencial	nº mellora: entrega guía en formato dixital	mellora: entrega guía en formato papel	disposición plataforma teleformación	PUNTOS
CRAFTIUM S.L.	40	44.000,00 €	2	30	8	2	10	92 (Proposto para adxudicación)
SEEKETING S.L.	17	28.320,00€	10	30	8	2	10	77

De conformidade á avaliación das propostas achegadas polos licitadores, a mesa conclúe a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores nas diferentes fases:

Orde: 1NIF: B94184785 CRAFTIUM SL Propuesto para la adxudicación

Total criterios CJV: 40

Total criterios CAF: 52

Total puntuación: 92

Orde: 2NIF: B47685490 Seeketing SL

Total criterios CJV: 17

Total criterios CAF: 60

Total puntuación: 77

Á vista do que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar o contrato de servizos denominado “Servizos de asesoramento individualizados para a posta en marcha e optimización de plans de dixitalización do pequeno comercio”, cofinanciado a través do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR) - NextGeneration UE, e enmarcadas na actuación subvencionada denominada VILAGARCIA VIVA. PROXECTO DE MELLORA REVITALIZACIÓN E RESILIENCIA DE MERCADOS TRADICIONAIS E ZONAS COMERCIAIS URBANAS, cun orzamento de licitación 48.000€ (sen IVE), 58.080,00 € (con IVE), á empresa con CIF B94184785: CRAFTIUM SL, de conformidade coa súa oferta, por ser esta a oferta con mellor relación calidade-prezo, en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación, con cargo á aplicación orzamentaria 4311-2261018.

A oferta do licitador é a seguinte:

- Prezo ofertado: 44.000,00 € (sen IVE), ao que lle corresponde un IVE (21%) de 9.240,00€, o que totaliza un importe de 53.240,00 € (IVE incluído).

- Melloras:

Incremento do número de sesións/xornadas de asesoramento presencial no establecemento do participante (3 sesións).

Entrega a cada participante dunha guía de boas prácticas e recomendacións personalizadas en formato dixital.

Entrega a cada participante dunha guía de boas prácticas e recomendacións personalizadas en formato papel

Disposición dunha plataforma de teleformación para complementar as sesións presenciais.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

### **PRP2024/2475**

Visto o expediente de gasto INT/2024/240 integrado pola relación de xustificantes F/2024/60 por importe de 1.138,94 €.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

PRIMEIRO: Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2024/60 por importe de

1.138,94€ coa seguinte desagregación:

Nº de Entrada	Nº de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
F/2024/1268	202401344	16/02/2024	72,49	2412	22199	CASTROMAN I, S.L.	ESCOBILLAS 2 PIEZAS 0114J / CURVA FLEXIBLE GRIS M25 CFG25 / SOPORTE 25 (PASAMANOS) A.INOX 18/8 / aportacion municipal /
F/2024/1372	202401597	29/02/2024	184,00	2412	22199	CASTROMAN I, S.L.	PAVIDUR SATINADO INCOLORO 4L. / APORTACION MUNICIPAL / RETIRADO POR DOLORES PIÑEIRO REY
F/2024/1946	A24/ 001052	09/02/2024	816,75	2412	22199	SOLUCIONES SOPGAL, .S.L.	BARRERA CAPILAR LIQUIDA 25 LIT SOPGAL
F/2024/2186	202402516	31/03/2024	65,70	2412	22199	CASTROMAN I, S.L.	CIEN TACO SX PLUS 8X40 / CIEN TACO SX PLUS 10X50 / CIEN TACO NYLON SX PLUS 06X030 / TORNILLO S WIROX(GALVA) TORX PR 60X1
		TOTAL	1.138,94				

### PRP2024/2496

Vista a conta xustificativa do pago a xustificar Nº 220240006752 importe de 16.637,33€ para GASTOS FESTAS DE SANTA RITA 2024 aprobada pola Xunta de Goberno Local de 06/05/2023, presentados pola habilitada LUZ M<sup>a</sup> ABALO PÉREZ

Vista a fiscalización da Intervención Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda:

Aprobar a conta xustificativa do pago a xustificar Nº 220240006752 importe de 16.637,33€ para GASTOS FESTAS DE SANTA RITA 2024, co seguinte detalle:

Nº REX.	Nº FRA.	PROVEDOR	CONCEPTO	Importe Total
J/2024/75	Emit-320	Crash Music, S.L.	Actuación de SILOÉ nas festas de SANTA RITA o día 18-05-2024.	15.730,00
J/2024/76	47506199	MGS, Seguros y Reaseguros, S.A.	RESPONSABILIDAD CIVIL DE FESTEJOS / Póliza 61159656 / Periodo de cobertura: del 13-05-2024 al 23-05-2024.	907,33
				16.637,33

IMPORTE A XUSTIFICAR	16.637,33
TOTAL GASTOS XUSTIFICADOS	16.637,33
DIFERENCIA REINTEGRADA	0,00
TOTAL XUSTIFICADO	16.637,33
PENDENTE DE XUSTIFICAR	0,00

### PRP2024/2499

Dase conta a da remisión ao Consello de Contas da información sobre custo efectivo do servizo de abastecemento de agua e sumidoiro do Concello de Vilagarcía de Arousa, A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

**PRP2024/2513**

Visto o expediente de gasto INT/2024/248 integrado pola relación de xustificantes F/2024/61 por importe de 38.079,27€.

Vista a fiscalización previa favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Recoñecemento de Obriga para a relación de facturas N° F/2024/61 por importe de 38.079,27€ co seguinte desglose:

N° de Entrada	N° de Documento	Fecha Dto.	Importe Total	Programa	Economica	Nombre	Texto Explicativo
A/2024/44	PA PA24142000013431	08/05/2024	-21,42	165	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI24142000135812 / ENERGÍA ACTIVA PUNTA / ENERGÍA ACTIVA LLANO / ENERGÍA ACTIVA VALLE / ENERGÍA ACTIVA CARGOS PUN
A/2024/45	PA PA24142000013434	08/05/2024	-28,12	165	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI23142000459933 / ENERGÍA ACTIVA PUNTA / ENERGÍA ACTIVA LLANO / ENERGÍA ACTIVA VALLE / ENERGÍA ACTIVA CARGOS PUN
A/2024/46	PA PA24142000013438	08/05/2024	-120,14	165	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI24142000060103 / ENERGÍA ACTIVA PUNTA / ENERGÍA ACTIVA LLANO / ENERGÍA ACTIVA VALLE / ENERGÍA ACTIVA CARGOS PUN
A/2024/47	PA PA24142000013437	08/05/2024	-117,73	165	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI24142000022140 / ENERGÍA ACTIVA PUNTA / ENERGÍA ACTIVA LLANO / ENERGÍA ACTIVA VALLE / ENERGÍA ACTIVA CARGOS PUN
A/2024/48	PA PA24142000013430	08/05/2024	-19,19	160	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI24142000135722 / ENERXÍA ACTIVA PUNTA / ENERXÍA ACTIVA CHAN / ENERXÍA ACTIVA VAL / ENERXÍA ACTIVA CARGOS PUNTA
A/2024/50	PA PA24142000013801	14/05/2024	-1,72	160	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI23142000459847 / ENERXÍA ACTIVA PUNTA / ENERXÍA ACTIVA CHAN / ENERXÍA ACTIVA VAL / ENERXÍA ACTIVA CARGOS PUNTA
A/2024/51	PA PA24142000013803	14/05/2024	-14,91	160	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI24142000022045 / ENERXÍA ACTIVA PUNTA / ENERXÍA ACTIVA CHAN / ENERXÍA ACTIVA VAL / ENERXÍA ACTIVA CARGOS PUNTA
A/2024/52	PA PA24142000013805	14/05/2024	-56,68	160	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI24142000060094 / ENERXÍA ACTIVA PUNTA / ENERXÍA ACTIVA CHAN / ENERXÍA ACTIVA VAL / ENERXÍA ACTIVA CARGOS PUNTA
A/2024/	PA	14/05/20	-27,40	160	22100	GAS NATURAL	Rect. PI24142000022022 /

53	PA24142000013802	24				COMERCIALIZADORA S.A.	ENERXÍA ACTIVA PUNTA / ENERXÍA ACTIVA CHAN / ENERXÍA ACTIVA VAL / ENERXÍA ACTIVA CARGOS PUNTA
A/2024/54	PA PA24142000013807	14/05/2024	-41,42	160	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI24142000060096 / ENERXÍA ACTIVA PUNTA / ENERXÍA ACTIVA CHAN / ENERXÍA ACTIVA VAL / ENERXÍA ACTIVA CARGOS PUNTA
A/2024/74	PA24142000014001	17/05/2024	-952,69	165	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI24142000023353 / ENERXÍA ACTIVA PUNTA ( kWh ) / ENERXÍA ACTIVA LLANO ( kWh ) / ENERXÍA ACTIVA VALLE ( kWh ) / R
F/2024/2965	PA PA24142000013439	08/05/2024	65,27	165	22100	GAS NATURAL COMERCIALIZADORA S.A.	Rect. PI24142000099241 / ENERGÍA ACTIVA PUNTA / ENERGÍA ACTIVA LLANO / ENERGÍA ACTIVA VALLE / ENERGÍA ACTIVA CARGOS PUN
